

DEPORT/2021/26

Dna. Adela Miguéns Muñiz, secretaria/delegada da Fundación Pública de Servizos Deportivos Municipais do Excmo. Concello de Vilagarcía de Arousa.

CERTIFICO: Que polo Consello Reitor, en sesión celebrada o día **27 DE XULLO DE 2021**, adoptouse, entre outros, o seguinte acordo:

6.- APROBACIÓN SE PROCEDE, DAS CONCESIÓNS E O SEU RECOÑECIMENTO DA OBRIGA DE SUBVENCÍONS CONFORME AS BASES DA CONVOCATORIA DO EXERCICIO 2021 CORRESPONDENTES ÁS SUBVENCÍONS DESTINADAS Á ORGANIZACIÓN DE ACTIVIDADES DEPORTIVAS EXTRAORDINARIAS, REALIZADAS DURANTE O ANO 2020.

Pola Sra. secretaria/delegada dáse conta da solicitude presentada polo Club/Entidade Deportiva: CLUB DEPORTIVO SALVAMENTO VILAGARCÍA, da organización da XORNADA OFICIAL DE LIGA EN FONTECARMOA, para a aprobación da concesión e o seu recoñecemento da obriga, conforme as BASES DA CONVOCATORIA DO EXERCICIO 2021 CORRESPONDENTES ÁS SUBVENCÍONS DESTINADAS Á ORGANIZACIÓN DE ACTIVIDADES DEPORTIVAS EXTRAORDINARIAS, REALIZADAS DURANTE O ANO 2020, aprobadas polo Consello Reitor en sesión con data 18/02/2021 e publicadas no B.O.P. o día 27/04/2021, cunha consignación por importe total de 11.000,00 €. Así como dáse conta do informe da Sra. Interventora/delagada en relación ao asunto e no que indica que os xustificantes correctos presentados non alcanza o importe mínimo establecido nas devanditas bases.

Despois dun pequeno debate sobre o asunto, o Consello Reitor por unanime acorda:

1.- Non conceder subvención ao Club/Entidade Deportiva: CLUB DEPORTIVO SALVAMENTO VILAGARCÍA, para organización da XORNADA OFICIAL DE LIGA EN FONTECARMOA, polos seguintes motivos:

Comprobada a documentación presentada, o importe xustificado correctamente ascende á cantidade de 1.958,86 €, polo que non alcanza o importe establecido no derradeiro



parágrafo do apartado 4.- DESTINATARIOS E REQUISITOS das citadas bases que dí literalmente o seguinte: “A actividade ou evento extraordinario fora realizado no Concello de Vilagarcia de Arousa, durante o ano 2020 e, o seu balance final executado de gastos sexa igual ou superior a 2.000,00 €.

2.- Aprobar que a partida económica integra da presente convocatoria de subvención, por importe de 11.000,00 €, con cargo á partida 342-483,01, ao non existir ningún evento deportivo que obtivera concesión na devandita convocatoria de subvencións, incremente a convocatoria de Subvencións destinadas ao Fomento do Deporte Federado, exercicio 2021, correspondente á Tempada 2019/20 ou, ano 2020, con cargo á partida 342-483,00 por vinculación.

E para que conste ca súa unión ó expediente, expido a presente, en Vilagarcía de Arousa, a vinte e oito de xullo de dous mil vinte e un.